## Unidade 10. Un constipado de xabaril

**Nome: ___________________________ Curso: __ Data: _________**



Hai moitísimos anos Xosé, un dos fillos de Xacob, vivía en Exipto. Era un dos criados do faraón deste reino. Xosé tiña o don de interpretar os soños do seu señor o faraón.

Un día, o faraón soñou que había sete vacas gordas xunto ao río Nilo; despois viñeron sete vacas fracas e comeron ás vacas gordas. O faraón preguntoulle aos mellores sabios, pero ningún soubo interpretar este soño. Un día, comentoullo a Xosé, o seu criado. Este, despois de pensalo, díxolle ao faraón: «As vacas gordas indican que virán sete anos de gran abundancia para Exipto. Pero a estes seguirán sete anos de fame, as vacas fracas. O reino deberá gardar alimentos da época de abundancia para o tempo de fame». O faraón así o fixo e librou ao seu pobo da fame.

**1. Contesta.**

- Quen era Xosé? Fillo de Xacob. Criado do faraón.
- Onde vivía? En Exipto.
- Que don tiña? Interpretar os soños do seu señor o faraón.

© GRUPO EDELVIVES / MATERIAL FOTOCOPIABLE AUTORIZADO

**Unidade 10. Un constipado de xabaril**

| Nome: ___________________________ Curso: __ Data: ________ |
|---|

**2. Colorea os verbos que indican accións que xa pasaron.**

escribiu   patinas   rematei   cambiaron

cantarán   saltaches   durmiron   falas

**3. Escribe catro cousas que fixeches onte. Resposta libre.**

__________   __________   __________   __________

**4. Rodea e copia os verbos en pasado.**

O pasado domingo Breogán foi co seu pai a pescar. Pola mañá cedo, prepararon unha mochila cuns bocadillos, despedíronse da nai e saíron cara ao porto. Alí pasaron toda a mañá. Pescaron dúas robalizas e algúns chinchos. Xa na casa, comeron o peixe asado. Estaba boísimo.

Foi, prepararon, despedíronse, saíron, pasaron, pescaron, comeron, estaba.

**5. Escribe dúas oracións que teñan o verbo en pasado. Resposta libre.**

___________________________________________________________

___________________________________________________________

© GRUPO EDELVIVES / MATERIAL FOTOCOPIABLE AUTORIZADO

**Unidade 10. Un constipado de xabaril**

| |
|---|
| **Nome: ___________________________ Curso: __ Data: _________** |

**6. Escribe os nomes.**

   

Xirafa, ovella, xirasol, orella

**7. Une e escribe as palabras formadas.**

coello xamón lentella antollo roxo caixa

**x** **ll**

Coello, xamón, lentella, antollo, roxo, caixa.

**8. Completa as oracións coas palabras.**

**pallaso** **paxaro** **traxe** **tortilla**

- O pallaso ten un paxaro na man.
- Manchei o traxe comendo a tortilla.

© GRUPO EDELVIVES / MATERIAL FOTOCOPIABLE AUTORIZADO

**Unidade 10. Un constipado de xabaril**

**Nome: ___________________________ Curso: __ Data: ________**

**9. Completa a táboa segundo o exemplo.**






Anzol, cana, rede, temón.

**10. Completa coas palabras.**

**porto xurelos peixeira barco peixe lonxa pescador**

Alberte é pescador. Ten un barco e sae con el todas as tardiñas a pescar pola ría. Acostuma pescar: robalizas, xurelo, sardiñas e algún que outro congro. Cando chega ao porto, no peirao, espera a súa muller para recoller o peixe. Ela é peixeira e véndeo na lonxa.

**11. Contesta segundo o texto.**

- A profesión de Alberte é a pesca.
- A profesión da súa muller é peixeira.

© GRUPO EDELVIVES / MATERIAL FOTOCOPIABLE AUTORIZADO

**Unidade 10. Un constipado de xabaril**

**Nome:** ______________________________ **Curso:** ___ **Data:** _________

**12. Elixe a noticia relacionada co titular.**

**Desaparece a estatua da Praza Maior**

| | |
|---|---|
| Está mañá ás nove os traballadores do Concello procederon a retirar a estatua da Praza Maior. A razón desta retirada foi para limpala e restaurar os danos que o paso do tempo foi deixando nela. Fontes do Concello aseguran que, nun prazo de quince días, a estatua volverá ao seu lugar na praza. | Esta mañá, os paseantes da Praza Maior observaron que a estatua que a adorna non estaba, só quedaba o pé. Os veciños preguntaron no Concello, pero este non sabía nada polo que foi avisada a policía que está investigando o caso. |

**13. Le o titular, responde as preguntas e escribe a noticia.**
Resposta libre.

**Descuberto tesouro nunha cova**

- Onde está a cova? __________________________________
- Cando atoparon a cova? ______________________________
- Quen a atopou? ____________________________________
- Como atoparon o tesouro? ____________________________

_______________________________________________________

_______________________________________________________

_______________________________________________________

_______________________________________________________

_______________________________________________________

_______________________________________________________

© GRUPO EDELVIVES / MATERIAL FOTOCOPIABLE AUTORIZADO